



O-PE URBANA

Porto do Son

11ª PROBA DA XXVI LIGA GALEGA DE O-PE

14 de outubro de 2017

ORGANIZA

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA

COLABORA

CONCELLO DE PORTO DO SON

SEGURIDADE



PREVENCIÓN DE RISCOS - INSTRUCCIONES DE SEGURIDADE

11ª PROBA DA XXVI LIGA GALEGA DE O-PE

Porto do Son

14/10/2017

1. Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos propios das carreiras de orientación a pe.
2. No caso de menores de idade, ademais, os respectivos clubs son os responsables de asignar a estes participantes ó percorrido adecuado, segundo o seu nivel físico e técnico, debendo, no seu caso, proceder a inscribilos en percorridos de iniciación.
3. Unha vez avaliados os riscos específicos para esta proba, infórmase especialmente dos seguintes aspectos:

▲ **¡ATENCIÓN: VIANDANTES!**

A proba vaise a desenvolver nunha contorna urbana, un sábado pola tarde, con presenza de xente polas rúas. Respectemos os peóns, sobre todo nas partes da carreira que transcorran polas rúas, calexas, prazas, onde pode ser máis fácil ter un choque.

▲ **¡ATENCIÓN: ZONA DE TALA RECENTE!**

Para os percorridos que van a acceder á zona de monte, sinalar que recentemente se realizou unha tala na ladeira principal. Hai unha gran cantidade de restos desta tala, que potencialmente constitúen un risco de caída. Precaución.

▲ ¡ATENCIÓN: TRÁFICO!

Algúns percorridos, para acceder as zonas de monte, deberán cruzar a estrada AC-550, na que os vehículos poden pasar a certa velocidade (a velocidade no núcleo urbano está limitada a 50 km/hora). Máxima concentración para realizar o cruzamento desta estrada. No mapa márcanse os pasos de peón existentes.

Recórdase, ademais, a necesidade e obrigatoriedade de cumprir escrupulosamente as normas de circulación, para evitar riscos (utilización de beirarrúas, respectar a preferencia de paso,...)

NON SE VAI A CORTAR O TRÁFICO

Os percorridos que non accedan á zona de monte, tamén estarán expostos ós riscos derivados do tráfico xa que pola vila circulan sempre vehículos. De novo, máxima precaución no cruce de rúas e nas interseccións das mesmas. Recordamos neste punto a **recomendación** de utilizar os pasos de peóns. Non podemos levar un control exhaustivo da utilización dos pasos de peóns. Por ese detalle, **non vai ser obrigatorio, pero si moi recomendable o seu uso.**